

## **ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN COLOMBOFILA GALEGA CELEBRADA O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2014.**

Sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do día 20 Decembro de 2014, baixo a presidencia de D. Eliseo Castro López, Presidente desta Federación Columbófila Galega, actuando como secretario D. Manuel Rey San Luis e asistindo os membros da mesma que a continuación se relacionan, iniciase a reunión da Comisión Delegada desta Federación.

Asistentes: D. José R. González Bosco (Estamento de Clubes)  
D. Camilo Pereiro Francés (Estamento de Clubes)  
D. Manuel A. Fernández Mallo (Estamento de Clubes) Delegou a súa asistencia nesta persoa o presidente do Club Herculino Julio Paz Ruiz.  
D. Rogelio Nogueira Portas (Estamento de Deportistas)  
D. Pedro Becerra González (Estamento de Xuices)

Ausentes: Excusan a súa asistencia os seguintes membros:  
D. Oscar Martínez Mañana (Estamento de Deportistas)

Reúnese a Comisión Delegada desta Federación con carácter de urxencia logo de que fora presentado un informe veterinario por parte dun membro desta Comisión Delegada sobre a vacina da viruela que se está a empregar na actualidade (Hiprapox), sendo o Orde do día:

**1º.- Posibilidade de optar á vacinación das pombas con outra vacina que non sexa a que actualmente determinou a Asemblea desta Federación, de acordo cos informes veterinarios recentes aos que tivemos acceso.**

Antes de comenzo co orde do día, toma a palabra o Sr. Presidente para propoñer aos membros asistentes que antes de publicar calquer tema federativo que se lle sexa comunicado a él.

**1º.- POSIBILIDADE DE OPTAR Á VACINACIÓN DAS POMBAS CON OUTRA QUE NON SEXA A QUE ACTUALMENTE DETERMINOU A ASEMBLEA DESTA FEDERACIÓN, DE ACORDO COS INFORMES VETERINARIOS RECENTES AOS QUE TIVIMOS ACCESO.**

O Sr. Camilo Pereiro presenta un informe realizado pola Universidade de México sobre un estudo que realizaron sobre a vacina da viruela que estamos a empregar nesta Federación para vacinar ás pombas, o cal conclúe que non é efectiva en pombas. Dito informe foille enviado a varios clubs desta Federación vía correo electrónico.

Logo de debater os membros asistentes sobre dito informe e seguir empregando esta vacina ou non, lévase a cabo unha votación para chegar a un acordo, sendo o resultado:

4 Votos a favor de seguir empregando a vacina que se acordou na Asemblea

1 Voto en contra de Camilo Pereiro coa utilización desta vacina.

Acórdase para a vindeira campaña de vacinacións localizar outra vacina máis efectiva e específica para pombas, encargándose Camilo Pereiro de facer este estudo.

Acórdase de igual maneira remitir este informe a todos os clubs da Federación para o seu coñecemento.

Finalmente toma a palabra o Sr. Presidente para definir funcións específicas a cada un dos membros da Comisión Delegada, no sentido de recavar información de distintas áreas de actuación desta Comisión Delegada, co fin de poñer dita información ao seu servizo, da seguinte maneira.

- **Camilo:** Aporte documentación/información sobre vacinas específicas de pombas, características, prezos e forma de conseguilas
- **Julio/ Mallo/(herculino):** Información/ incidencias comisión deportiva
- **Oscar:** Información da Web/control, comunicación e posta ao día da Web
- **Bosco:** Control/incidencias en1/documentación encestes
- **Rogelio:** Control de Normativa/Regulamentación xeral/concursos
- **Pedro Becerra:** Informe de toda normativa/incidencias Expo y jueces.

Valorouse a opción de celebrar reunións da Comisión Delegada a través de correos electrónicos particulares de todos os membros desta Comisión, sendo a representación dos clubs a través do correo electrónico particular do seu representante legal no momento de celebrarse a reunión.

E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión, sendo as trece horas e dez minutos do día da data.

Asdo.: Eliseo Castro López  
Presidente

Asdo.: Manuel Rey San Luis  
Secretario